



MODIFICACIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA EN SITUACIÓNS DE DIFICULTADES ECONÓMICAS PARA O CURSO 2021/22, PUBLICADA NA SEDE ELECTRÓNICA O 9/11/2021

Detectado un parágrafo na Convocatoria de Axudas para o Estudantado da Universidade da Coruña (UDC) en situacións de Dificultades Económicas para o curso 2021/22, que pode incurrir en contradición coa Normativa de Xestión Académica da UDC para o curso 2021/22, e dado que dita modificación non altera ningunha cuestión de fondo da convocatoria, procédese á seguinte modificación:

- Elimínase da base 1ª o seguinte parágrafo:
 - o *A solicitude destas axudas non implica o aprazamento do pagamento da matrícula*
- A base 1ª da convocatoria pasa a quedar como se indica:

“1.ª SOLICITANTES

Alumnado matriculado nun centro da UDC en estudos oficiais de grao ou máster, que manteña a matrícula durante todo o curso 2021/22, e no que concorran as seguintes circunstancias:

- a) *Estar nunha situación de dificultade económica debidamente acreditada que lle impida ao estudante a continuación dos seus estudos.*
- b) *Non dispor doutras axudas públicas ou privadas destinadas a esta mesma finalidade ou non cumprir os requisitos para obtelas.”*

A Coruña, 3 de febreiro de 2022

O reitor,

*P.D. Vicerreitora de Estudiantes, Participación e Empregabilidade
RR/14 de xaneiro de 2020*

María José Lombardía Cortiña